

Corpo Baleiro

Berta Dávila

Espiral Maior Poesía. 69 páxinas

Primeiro libro da autora que ve a luz, *Corpo baleiro* reúne unha mancha de poemas que saen ao encontro do lector, alampando coa súa enerxía desbordante. Como sulíña Miguel Anxo Fernán Vello no limiar, “Berta Dávila entra na poesía galega tocándonos fisicamente, tal como establece o designio borgeano para a lin-



guaxe lírica. E tócanos porque ascende das súas fondísimas raíces existenciais e sentimentais, e nos trae a aura dunha sabedoría e dunha cultura poética hoxe en día nada común entre nós”. Berta Dávila ten publicados poemas da súa autoría nos libros colectivos *No ocaso dos poemas* e *Ningunha primavera máis sen flores*.